



PRESENTACIÓN DO LIBRO SI TE VUELVES INVIERNO SILVIA SALGADO

*Si te
vuelves
invierno*
Silvia
Salgado

Teatro AS TORRES de SANTA CRUZ
xoves, 2 de decembro, ás 20 horas

Intervirán:

A autora: Silvia Salgado

O escritor e profesor: Francisco Javier Varela Vázquez

Contarase coa interpretación musical
do saxofonista Jaime Faraldo

“Si te vuelves invierno” preséntanos a Gabi, unha adolescente que vive en Mera, á que lle gusta ler e que quere ser escritora, pero que se sente fóra de lugar.

O ano que todo o cambiou, a causa da pandemia que encerra a toda a poboación nas súas casas, pasaron moitas cousas, pero tamén abriu un espazo á superación, á esperanza, ao perdón e ao amor.

Estamos ante unha novela tenra, emotiva, chea de música, libros, cine e que ten como escenario principal a fermosa vila de Mera.

Silvia Salgado é veciña do municipio de Oleiros. Licenciada en Ciencias políticas pola UAB, ten un posgrado en Xornalismo acreditado pola Universidade Columbia de Nova York. Compaxinou o seu traballo en comunicación e recursos humanos coa súa paixón pola escritura. Esta é a súa cuarta novela, despois de “Mientras hilan las mariposas”, “La aldea” e “El intermedio que somos”.

En atención ás indicacións e medidas de seguridade fronte ao COVID-19, a presentación terá aforo limitado e será obrigatorio manter a distancia de seguridade e asistir con máscara, así como atender ás indicacións e normas da organización.

Desde as bibliotecas municipais invítase ás persoas que desexen asistir ata completar o aforo permitido para que gocen coa palabra e coa música.